

Unidade 4 - Repaso

Como nos relacionamos

Argumento Razón para convencer de algo a alguén.

Argumentar Expoñer argumentos.

Acordo Solución en que ambas as partes ceden un pouco.

Discusión Conversa en que se expón o que se pensa de algo.

Discutir Levar a cabo unha discusión.


Conceder Dar a razón.

Estar de acordo Fórmula para expresar acordo ou conformidade de opinión.

Desacordo Desconformidade de pareceres.

Negociar Tratar de poñerse de acordo xuntos.

Asentir Admitir as razóns doutro.



Un texto científico

RESUMO

O espirro é unha reacción natural do corpo para protexerse contra infeccións e enfermidades. Durante o espirro, o noso corpo expulsa aire polo nariz e a boca para eliminar calquera cousa irritante, como o po, o pole ou mesmo un virus, que poida estar presente.

PALABRAS DIFÍCILES

irritación, mucosidade, reflexos, axentes infecciosos



Enviar unha mensaxe de voz

Para **enviar unha mensaxe de voz** é importante que sigamos unhas pautas:

1. **Planificamos as ideas principais** e a lonxitude ou duración da mensaxe.
2. Expresámonos con **claridade e educación**:
 - Saudamos, preguntamos que tal, despedímonos...
 - Expresamos as ideas principais de maneira clara e concisa, deixando ver cal é o obxectivo do audio.
 - Pronunciamos ben e procuramos **evitar retrousos e sons** que non achegan información á mensaxe.



Formar substantivos

Podemos **formar substantivos** novos usando palabras que xa existen e engadíndolles sufixos; estes **sufixos** engaden información á palabra.

Isto denomínase **derivación nominal**.

Para formar substantivos:

1. Identifica a palabra orixinal.
2. Pensa o sufixo que lle corresponde para convertela en substantivo.
3. Adapta a ortografía en caso de que sexa necesario, pois hai palabras ás que ao engadirles o sufixo perden ou cambian letras.

piano – pianista banco – banqueiro

Os grupos consonánticos

En moitas palabras atopamos grupos consonánticos.

Un **grupo consonántico** está formado por **duas ou máis consoantes seguidas** nunha mesma palabra.

Poden estar na mesma sílaba (*pra-ta*) ou en sílabas distintas (*a-dap-tar*).

Hai varios grupos consonánticos:

-pc-	-bd-
-pt-	-bs-
-ps-	-bt-
-bd-	-bv-



O romance

Os **romances** son poemas que contan historias. A maioría dos romances son **anónimos**.

O romance é un poema **non estrófico**. Ten versos, pero non estrofas, e **os versos escríbense todos seguidos**.

Tamén teñen rima, aínda que non en todos os versos; pois **só riman os versos pares**.

Segundo a **temática**, os romances poden ser:

- **Históricos**: temas pertencentes á historia de Galicia.
- **Épicos e lendarios**: contan fazañas de heroes históricos.
- **Tradicionais**: contan milagres, cousas cotiás, naturais...

O pronome átono na oración

Para identificar o **pronome átono** nunha oración habemos seguir certas pautas:

1. Busca o verbo na oración.
*Ela **explicoume** a resposta.*
2. Fíxate en se hai algún pronome átono co verbo. Xeralmente o pronome vai despois do verbo.
*Ela **explicoume** a resposta.*
3. Non obstante, ás veces o pronome vai antes do verbo, en casos coma estes:
 - Se a oración é negativa, interrogativa ou exclamativa.
 - Se antes do verbo hai un adverbio.
 - Se é unha oración desiderativa.

Descibir causas e efectos

Para **describir causas e efectos**:

1. Pensa nun fenómeno ou nunha situación.
2. Formula a pregunta: **Que ocorreu?** Ese será o **efecto**.
3. Formula a pregunta: **Por que ocorreu?** Esa será a **causa**.
4. Describe a causa e mais o efecto utilizando expresións como:
 - *Porque ...*
 - *Como...*
 - *Xa que...*
 - *Debido a que...*